



**ASUNTO: Ampliación da bolsa do proceso selectivo de 5 prazas de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2025 (3 peóns de brigadas, 1 peón condutor e 1 Xefe de brigada) aprobada por decreto de alcaldía n.º 249/2025 de data 18 de xullo de 2025.**

**EXPEDIENTE: 2025/E001/000008**

**EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000211**

**Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde do Concello de Negreira, na provincia da Coruña;**

Vista a necesidade de proceder a ampliar a bolsa do proceso de selección de 5 prazas de persoal laboral temporal da brigada de incendios do ano 2025, publicada no BOP nº140 do 24 de xullo de 2025.

Tras chamamento efectuado ó persoal que superou o proceso selectivo da bolsa aprobada o 13 de agosto de 2025 por decreto de alcaldía nº276/2025, procedese a ampliación a bolsa de emprego destinada a provisión dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Tendo en conta o carácter urxente da contratación, procédese a aperturar un novo prazo de presentación de solicitudes, que será de **10 días naturais** dende a publicación deste Decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Negreira.

Considerando o artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado vixente e o informe, de data 9 de abril de 2026, emitido pola orientadora laboral Dona Sonia Nieto López así como os informes favorables da Secretaría accidental e Intervención, de data 9 de abril de 2026. Esta Alcaldía en cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Tendo en conta o establecido no punto décimo das bases aprobadas por decreto de alcaldía nº249/2025 do 18 de xullo de 2025 e vixentes ata o 31 de decembro de 2027, procedese a nomear ós 5 aspirantes que acadaron a maior puntuación así como os seus suplentes para formar a brigada de prevención e extinción de incendios do ano 2026, tal e como procede:

**XEFE DE BRIGADA (1):**

**1º.- Cibrán Pérez Ponte**

2º.- Ramón González Pais \_ Suplente

**PEÓN CONDUTOR BRIGADA DE INCENDIOS (1):**

**1º Francisco García Pereira**

2º Luis Augusto Rivero García \_Suplente

3º Ramón González Pais\_ Suplente



### **PEÓN BRIGADA DE INCENDIOS (3):**

**1º Andrés Castillo Crego**

**2º Ramón González Pais**

**3º Francisco García Pereira (titular peón condutor)**

**4º Luis Augusto Rivero García**

**Segundo:** Os aspirantes nomeados para a brigada, deberán tal e como recolle o punto quinto do convenio entre a consellería do medio rural e a entidade local, concello de negreira, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (feader) no marco do plan estratéxico da política agraria común (pepac) 2023-2027 unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para a realización do traballo e un recoñecemento médico. Estas dúas probas son eliminatorias no caso de que o aspirante nomeado na bolsa non as supere.

**Segundo:** Ampliar a bolsa do proceso selectivo de 5 prazas de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2025 (3 peóns de brigadas, 1 peón condutor e 1 Xefe de brigada) aprobada por decreto de alcaldía n.º 249/2025 de data 18 de xullo de 2025, para crear unha bolsa de suplentes en previsión a posibles baixas.

**Terceiro:** Publicar as “Bases do proceso selectivo de 5 prazas de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2025 (3 peóns de brigadas, 1 peón condutor e 1 Xefe de brigada)”, aprobadas por decreto n.º 249/2025, de data 18 de xullo de 2025, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Negreira, outorgando un prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes.

**Cuarto:** Actualizar os salarios dos postos ofertados tendo en conta os incrementos salariais aprobados ata a data de publicación das bases referidas.

**Quinto:** Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre Negreira á data da sinatura electrónica.

Negreira á data da sinatura electrónica.

O alcalde

A secretaria accidental



## ANEXO

***Bases e convocatoria do proceso selectivo de 5 prazas de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2025 (3 peóns de brigadas, 1 peón condutor e 1 Xefe de brigada)***

**BASES PARA A PROVISIÓN DE 5 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (3 PRAZAS DE PEÓN DE BRIGADA, 1 PRAZAS DE PEÓN CONDUTOR E 1 PRAZA DE XEFE DE BRIGADA)**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E XUSTIFICACIÓN**

Constitúe obxecto das presentes bases a probación da convocatoria e a regulación do proceso selectivo, mediante o procedemento de concurso - oposición de 5 prazas de persoal laboral temporal nas brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais (3 peóns, 1 peóns-condutor e 1 Xefe de Brigada). Realizarase tamén unha bolsa de reserva para cubrir posibles baixas, renuncias, vacacións, etc... e unha bolsa que quede vixente 2 anos para futuras contratacións da brigada de incendios do Concello de Negreira.

- Funcións e tarefas:

As funcións a desenvolver polos membros da brigada virán determinadas polo correspondente Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Negreira. As funcións a desenvolver serán:

As propias da brigada de prevención e defensa contra incendios; accións de prevención e defensa contra os incendios forestais a executar pola entidade local da Negreira; actuacións definidas na cláusula terceira así como no Anexo I do citado convenio.

- Características:

Tipo de contrato: duración determinada por circunstancias da produción ocasionais e imprevisibles.

Duración do contrato: 3 meses

Titulación esixida: certificado de escolaridade ou equivalente para os peóns da brigada e peón condutor e enxeñaría de montes, enxeñaría técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.

Nivel de Celga: 1 para os peóns e peón condutor e Celga 3 para os xefes de brigada.

Xornada: 100%

Retribucións (incluída prorrateo paga extra):

- Peóns: 1.382,50€
- Peón-condutor: 1.400,00 €
- Xefe de brigada: 1.648,50€

Período de proba: 15 días

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite...segundo

as necesidades do servizo).

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

## **SEGUNDA.- SISTEMA SELECTIVO**

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante un procedemento áxil que respectará en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e axilidade.

As probas selectivas realizaranse polo sistema de concurso-oposición libre.

## **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e restante normativa concordante, permita o acceso á praza convocada.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa (Requisito que deberá acreditarse coa declaración do Documento Nacional de Identidade).
- c) Estar en posesión do certificado de escolaridade para o caso de peón e peón conductor e da titulación esixida no punto 1 no caso de Xefe de brigada (enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente) ou estar en condicións de obtelas antes do remate do prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- e) Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas. (Informe ou Certificado médico que acredite que non se padece ningunha enfermidade nin problema físico e psíquico que impida a realización das tarefas, así mesmo deberase acreditar que o candidato pode realizar a proba de esforzo, detallada nas presentes bases)
- f) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 1 ou equivalente. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo) para o caso dos peóns e peón conductor e Celga 3 para o caso do Xefe de Brigada.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

- g) Para os aspirantes a peón-conductor e xefe de brigada, ter o carné de conducir B en vigor.



h) Non estar incurso en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño do posto.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

#### **CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

As solicitudes para tomar parte no proceso dirixiranse a Sr. Alcalde deste Concello, e presentaranse na sede electrónica do Concello de Negreira: <https://sede.concellodenegreira.es/sxc/es/index.html> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no **PRAZO DE (10) DIEZ DÍAS NATURAIS**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Xunto coa dita solicitude (que deberá incluír, así mesmo, declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación), os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable do DNI, anexo I de solicitude.
- b) Modelo de instancia debidamente cuberto e asinado que aparece nestas bases (anexo I). Aquelas persoas que desexen participar nos tres procesos (peón, peón condutor e xefe de brigada), deberán marcar no modelo de instancia a/as opción/s elixida/s.
- c) Copia do Certificado de escolaridade ou equivalente, ou formación específica como xefe de brigada.
- d) Acreditación documental de estar en posesión, de ser o caso, do nivel de CELGA 1 ou CELGA 3, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias (no seu caso). No caso de non ter cualificación en galego, debera marcar que desexa realizar un exame axustado o posto que se solicita, e unha vez realizado obterase a cualificación de APTO/NON APTO sendo esta proba eliminatoria.
- e) Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes podendo presentar o modelo que aparece nestas bases. (Anexo II). Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.
- f) Certificado ou Informe médico asinado por un médico colexiado en exercicio no que faga constar que non presenta enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico.

g) Para os aspirantes a peón-condutor e xefe de brigada, copia do carne de conducir B en vigor.

Cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### **QUINTA.-ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de 2 DÍAS HÁBILES para emendas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de persoas admitidas.



A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Posteriormente a Alcaldía, se é o caso, aprobará a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión, así como para o inicio do proceso selectivo.

O resto das resolucións serán publicadas no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.concellodenegreira.es/sxc/es/informacion/>). Os prazos computan dende a publicación no taboleiro de anuncios electrónico.

### **SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local), en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira, ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarias/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaria/o: unha/un funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (recabando no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

Non poderán formar parte dos Tribunais o persoal de selección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Tampouco poderá formar parte dos órganos de selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral, aqueles empregados públicos que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria. Todos os membros dos Tribunais deberán posuír titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas a ser funcionarios de carreira. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico das Administracións Públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

### **SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO. SISTEMA SELECTIVO E CRITERIOS XERAIS APLICABLES.**



O sistema selectivo será o CONCURSO-OPOSICIÓN.

A fase de oposición precederá á de concurso, e será eliminatorio o primeiro exercicio da fase de oposición (proba do banco) o resto das probas e fase de concurso non serán eliminatorias.

A puntuación obtida nesta fase de oposición sumarase á obtida na fase de concurso, sempre que as persoas aspirantes tivesen previamente superado a proba do banco, determinándose, así, a puntuación final. En todo caso, a fase de concurso só poderá supoñer, como máximo, un 40% da puntuación total do proceso selectivo.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazos sinalados nas presentes bases e nas específicas. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, serán considerados como méritos e documentación achegada fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

O resultado da fase de oposición farase público mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal antes de iniciarse a fase de concurso.

Unha vez publicados os resultados provisionais totais, os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na sede electrónica do Concello de Negreira, para formular alegacións/reclamacións. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a valoración definitiva no taboleiro de anuncios.

En calquera caso, deberá quedar constancia clara da valoración que se considera definitiva nos correspondentes anuncios de valoración de méritos.

### **1.- FASE DE OPOSICIÓN (ATA 15 PUNTOS)**

A oposición constará de dous exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio. E un terceiro exercicio, que será a proba de galego obrigatorio para quen non acredite mediante documento os coñecementos de galego.

**A) PRIMEIRO EXERCICIO.-** Exercicio práctico consistente na realización dunha proba de aptitude física. Realizarase a proba do banco conforme ao establecido no Convenio asinado con Medio Rural. Cualifícase como APTO/ NON APTO. O cal determina a entrada ou non no proceso, xa que de NON ser APTO quedará excluído automaticamente.

Só se permite un intento.

Emprégase un banco de 40 cm. de altura para homes e 33 para mulleres, co que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos. O ritmo márcase cun metrónomo. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio reposará quince segundos e unha vez finalizados tomaráselle o pulso cun pulsímetro no dedo índice tomando o resultado transcorridos quince segundos. A proba realizarase nun local tranquilo, que será determinado polo concello cando se nomee o Tribunal cualificador.

Cos datos obtidos, idade, peso e pulsacións, pasarase as táboas e determinarase a capacidade aeróbica. Cualificarase como apto-a/non apto-a.

Antes da súa realización, darase información detallada ós aspirantes do desenvolvemento e forma de valoración da proba a realizar. A tal efecto, os aspirantes deberán asinar unha declaración conforme ó seguinte modelo:



“ Que coñece e foi informado do desenvolvemento e forma de valoración da proba de aptitude física a realizar -a proba do banco-.

- Que, en consonancia e reiterando a instancia de participación xa presentada, declara baixo a súa responsabilidade que reúne as condicións físicas e de saúde necesarias para a realización da proba de aptitude física -a proba do banco-”.

### **B) SEGUNDO EXERCICIO. - Máximo 15 puntos.**

Exame tipo test que consistirá en responder a un cuestionario a desenvolver no tempo máximo de 30 minutos, referentes ó temario que figura como anexo I a esta convocatoria.

Puntuarase esta proba de 0 a 15 puntos. O cuestionario consistirá na realización dun exame tipo test de 15 preguntas, e 3 posibles opcións de resposta sendo correcta tan só unha delas e valorándose cada pregunta contestada correctamente en 1 punto.

Os/as aspirantes poderán realizar o/s exercicio/s, a súa elección, en calquera das linguas oficiais de Galicia, debendo indicalo na solicitude de participación do proceso, quen non o risque realizará a proba en galego.

As persoas aspirantes convocaranse para o segundo exercicio da fase de oposición en chamamento único, excepto nos casos debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal; sendo excluídas desta e, polo tanto, do proceso selectivo, as que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal, ou as persoas que non superaron a proba física. No suposto de sexa preciso establecer unha orde de actuación/chamamento dos/as aspirantes, seguirase a orde alfabética do seu primeiro apelido

As e os aspirantes terán que presentarse para a realización do exercicio provistas/os do orixinal do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da súa identidade e nacionalidade.

O exercicio terá lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, as e os colaboradores/asesores designados por este, des ser o caso, e as e os aspirantes.

O exercicio deberá completarse con bolígrafo negro ou azul. Non se computarán as respostas que foran contestadas doutro xeito.

As puntuacións/cualificacións resultantes da corrección dos exercicios da fase de oposición faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles cando se publique o resultado provisional total para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo Tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios.

### **C) PROBA DE GALEGO**

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten o certificado de iniciación ao galego ou equivalente, terán unha proba de galego, que será cualificada como apto ou non apto. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente (peóns forestais e peón condutor) /CELGA 3 ou equivalente (xefe de brigada).

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de quince minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

### **2- FASE DE CONCURSO .- Máximo de 10 puntos.**



## BAREMO PEÓNS DA BRIGADA E PEÓN CONDUTOR.

### A) EXPERIENCIA LABORAL: MÁXIMO 5 PUNTOS.

Por acreditar experiencia laboral na administración pública ou empresa privada como persoal integrado no servizo de extinción de incendios .....0,10 puntos por mes traballado.  
Compútanse un mes de servizo de trinta días. Cando o contrato sexa a xornadas inferiores a trinta días poderanse acumular varios contratos ata acadar trinta días para computar como mes completo.  
A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo e/ou certificado de servizos prestados no caso de traballar nunha administración pública e inescusablemente, informe da vida laboral actualizado.

Non se terán en conta a experiencia non acreditada debidamente. Non se puntuará a experiencia profesional senón se achega o contrato de traballo/certificado de servizos prestados XUNTO co Informe de Vida Laboral Actualizado.

### B) FORMACIÓN: MÁXIMO DE 5 PUNTOS.

Cursos de formación directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais propias da praza convocada, e que contén con homologación/recoñecemento oficial (entendendo, a tal efecto, que foran impartidas, organizadas, recoñecidas e/ou homologadas por Administracións Públicas, entidades ou organismos dependentes destas e/ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos (como sindicatos ou colexios profesionais) homologados polas Administracións Públicas, Universidades públicas, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio. Valoración:

- Duración igual ou superior a 50 horas ..... 0,25 puntos/curso.
- Duración igual ou superior a 150 horas ..... 0,50 puntos/curso.
- Duración igual ou superior a 300 horas ..... 0,75 puntos/curso.
- Acreditación de Titulación Universitaria .....2 puntos.

Para a acreditación destas formacións deberase achegar o título correspondente ou certificación equivalente e acreditativa de ter superado o curso ou acción formativa alegada, expedidos pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá achegarse certificado emitido polo organismo público correspondente no que consten as características da formación impartida e número de horas constar a data da súa realización, así como o seu obxecto, con indicación de temario/materias impartidos (agás en supostos de cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos/accións cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente constatado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 50 horas. Tampouco se valorarán os cursos de antigüidade maior a 15 anos.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas. Así mesmo non se valorarán os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

## BAREMO XEFE DE BRIGADA

### A)EXPERIENCIA LABORAL: MÁXIMO 5 PUNTOS.

\* Por acreditar experiencia laboral na administración pública ou empresa privada como persoal integrado no servizo de extinción de incendios ocupando posto de xefe de brigada, capataz de brigada ou similar ..... 0,20 puntos por mes traballado.

\* Por acreditar experiencia laboral na administración pública ou empresa privada como persoal integrado no servizo de extinción de incendios ocupando postos de peón/peón condutor ou similar ..... 0,15 puntos por mes traballado.



Compútanse un mes de servizo de trinta días. Cando o contrato sexa a xornadas inferiores a trinta días poderanse acumular varios contratos ata acadar trinta días para computar como mes completo.

A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo e/ou certificado de servizos prestados no caso de traballar nunha administración pública e inescusablemente, informe da vida laboral actualizado.

Non se terán en conta a experiencia non acreditada debidamente. Non se puntuará a experiencia profesional senón se achega o contrato de traballo/certificado de servizos prestados XUNTO co Informe de Vida Laboral Actualizado.

#### B) FORMACIÓN: MÁXIMO DE 5 PUNTOS.

Cursos de formación directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais propias da praza convocada, e que contén con homologación/recoñecemento oficial (entendendo, a tal efecto, que foran impartidas, organizadas, recoñecidas e/ou homologadas por Administracións Públicas, entidades ou organismos dependentes destas e/ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos (como sindicatos ou colexios profesionais) homologados polas Administracións Públicas, Universidades públicas, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio. Valoración:

- Duración igual ou superior a 50 horas ..... 0,25 puntos/curso.
- Duración igual ou superior a 150 horas ..... 0,50 puntos/curso.
- Duración igual ou superior a 300 horas ..... 0,75 puntos/curso.
- Acreditación de Titulación Universitaria ..... 2puntos.

Para a acreditación destas formacións deberase achegar o título correspondente ou certificación equivalente e acreditativa de ter superado o curso ou acción formativa alegada, expedidos pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá achegarse certificado emitido polo organismo público correspondente no que consten as características da formación impartida e número de horas constar a data da súa realización, así como o seu obxecto, con indicación de temario/materias impartidos (agás en supostos de cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos/accións cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente constatado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 50 horas. Tampouco se valorarán os cursos de antigüidade maior a 15 anos.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

Así mesmo non se valorarán os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

### **3.- ENTREVISTA PERSOAL.- Máximo de 4 puntos**

A entrevista persoal realizarase despois de facer a proba escrita, e nela valorarase a disposición do candidato ó posto, a dispoñibilidade para afrontar a duración da brigada de incendios, o compromiso, a responsabilidade e a habilidade para desempeñar correctamente o posto de traballo.

### **OCTAVA.- CUALIFICACIÓN DO PROCESO SELECTIVO**

As puntuacións/cualificacións resultantes faranse públicas no taboleiro de anuncios electrónico municipal. A puntuación definitiva, para aqueles que superen a fase de oposición, estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso.

En caso de empate, terá preferencia aquel aspirante que obteña mellor capacidade aeróbica na proba de aptitude física. De persistir o empate acudirase a mellor cualificación na segunda proba teórica. De persistir acudirase ao concurso e subsidiariamente a todos os anteriores ao sorteo.



As resolucións de empates mediante sorteo realizaranse ante o Tribunal e presenza de todas as persoas aspirantes que así o desexen.

Segundo a base quinta do convenio asinado, previa á contratación do persoal integrante da brigada realizarase un recoñecemento médico e unha nova proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. A entidade local será responsable de que só se incorporen os brigadistas que superen o recoñecemento médico e as probas de esforzo segundo esta recomendación técnica.

### **NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de dous (2) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado final da selección, os documentos acreditativos para a súa contratación;

1. Declaración xurada que o aspirante sigue reunindo cada un dos requisitos da convocatoria.
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Fotocopia da cartilla da S.S.
5. N.º de conta bancaria cos 20 díxitos.

### **DÉCIMA.- FORMACIÓN DE LISTAS DE ASPIRANTES**

Na acta da última sesión do tribunal de selección incluírase a lista dos/as aspirantes por orde de maior a menor puntuación obtida da suma da oposición e do concurso. A acta do tribunal de selección elevarase á alcaldía para que dite a resolución de aprobación das tres listaxes de aspirantes. (peón brigadista, peón condutor e xefe de brigada)

Os aspirantes contidos nas ditas listas poderán ser contratados durante a súa vixencia sempre e cando, antes da súa contratación, superen e acrediten os extremos requiridos no correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixidos pola normativa e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

Segundo a base quinta do convenio asinado, previa á contratación do persoal integrante da brigada realizarase un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. A entidade local será responsable de que só se incorporen os brigadistas que superen o recoñecemento médico e as probas de esforzo segundo esta recomendación técnica.

Así mesmo, as persoas seleccionadas impartiráselles un Curso de Formación Básico en Defensa Contra Incendios de 16 h. A este curso tamén poderán asistir os aspirantes non seleccionados pero que formen parte da bolsa de emprego, para ter esta formación vixente no caso de realizar algunha substitución da brigada do presente ano.

A bolsa de reserva terá vixencia ata o 31 de decembro de 2027. O funcionamento das bolsas rexeráse polas seguintes normas:

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento o/a interesado/a deberá comunicar ó concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración do número de contacto, aínda que esta alteración teña carácter transitorio, e como mínimo realizaranse dúas chamadas.

O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a ser contratado, e sen prexuízo de que o aspirante o comunique tamén de xeito formal. De non atender ó chamamento, unha vez realizadas como mínimo dúas chamadas, entenderase que o aspirante non ten disposición de ser contratado.

No caso de aceptación do posto, o/a aspirante deberá presentar a documentación referida na base novena nun prazo de 24 horas.

Se no prazo que se sinale, o aspirante non presenta a documentación requirida, non acredita ou, no seu caso, non supera os extremos requiridos, pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior (entenderase por forza maior, entre outros, estar desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado).



De non manifestar a súa disposición, pasarase a chamar ó seguinte aspirante da lista.

### **DÉCIMO PRIMEIRA. – INCOMPATIBILIDADES**

As persoas aspirantes que resulten contratados para cubrir as prazas convocadas quedarán suxeitas/os dende o momento da súa toma de posesión ou contratación ao réxime de incompatibilidades vixente, e non poderán simultanear o exercicio desta co de calquera outra praza, postos, emprego ou actividade remunerada nos termos previstos na lexislación sobre incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- NORMAS FINAIS.**

Para todo o non previsto nestas presentes bases xerais, así como nas específicas, os Tribunais estarán facultados para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se puideran presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento dos procesos selectivos, con pleno sometemento e adecuación ás previsións normativas aplicables, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Todas as referencias á Alcaldía contidas nas presentes bases entenderanse realizadas ao órgano municipal que, en cada momento, e por previsión normativa ou delegación desta, asuma idénticas competencias.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantías de dereito dixitais. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos datos persoais, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao Concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade.

### **DÉCIMO TERCEIRA. - RÉXIME DE RECURSOS.**

A resolución aprobatoria destas bases reguladoras, así como das respectivas convocatorias e bases específicas, e cantos actos administrativos se deriven delas, así como das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados, polos interesados, tanto en vía administrativa como contenciosa, na forma e prazos establecidos pola Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e/ou aquela outra normativa concordante e vixente ao respecto.

### **ANEXO .- TEMARIO**

- 1.- A Constitución Española de 1978: Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- 2.- O Municipio. Peculiaridades do Municipio da Negreira
- 3.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 4.- A defensa contra os incendios forestais en Galicia.
- 5.- Primeiros auxilios.
- 6.- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume.
- 7.- Ferramentas que actúan sobre o calor, sobre o osíxeno e sobre o combustible



## ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

D./D<sup>a</sup>: \_\_\_\_\_  
DNI/NIE: \_\_\_\_\_  
Domicilio: \_\_\_\_\_  
CP: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_  
Teléfono: \_\_\_\_\_

### EXPOÑO:

Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Negreira de 5 prazas da BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (3 prazas de peón, 1 de peón-condutor e 1 praza de xefe de brigada).

### DECLARO RESPONSABLEMENTE:

I. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

II. Non estar separado/a ou cesado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, así como non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

III. Declara, baixo a súa responsabilidade que reúne as condicións físicas e de saúde necesarias para a realización da proba de aptitude física (a proba do banco).

### Polo exposto, SOLICITO:

Que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ós procesos seguintes:

- Peón de brigada .-
- Peón de brigada – condutor
- Xefe de Brigada

### Achegando a seguinte documentación:

- Declaración DNI, Anexo I.
- Título esixido para tomar parte no procedemento elixido.
- Relación baremada dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.
- Celga 1/Celga 3 ou documento equivalente.
- Carné de conducir B (no caso de peón – condutor e xefe de brigada)
- Certificado ou informe médico asinado por un médico colexiado en exercicio no que faga constar que non presenta enfermidade ou discapacidade para o desenvolvemento das funcións do poste e que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. (este punto deberá acreditarse correctamente, xa que é imprescindible ter a autorización médica para realizar a proba de esforzo)
- Solicito que a realización do exame sexa en  Galego ou en  Castelán .

Negreira, \_\_de \_\_\_\_de 2025. Asdo.



**ANEXO II: MODELO DE INSTANCIA  
DECLARACIÓN DNI**

Eu, D./Dona; \_\_\_\_\_, declaro  
baixo xuramento que;

1º O número do meu DNI é o seguinte; \_\_\_\_\_

2º Que a data de caducidade do mesmo é o seguinte: \_\_\_\_\_

3º Que a data de nacemento é a seguinte; \_\_\_\_\_

Negreira, asinado;



**ANEXO III: MODELO PARA A BAREMACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO PEÓN DE BRIGADA.**

Nome e apelidos: .....

DNI: .....

**1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 2 puntos)**

Administración/empresa	Posto/Praza/Categoría	Período de prestación do servizo	Puntuación

**2. FORMACIÓN RELACIONADA CO POSTO (Máximo 2 puntos)**

Título do curso	Data realización	N.º horas	Organizado por	Puntuación

**PUNTUACIÓN TOTAL NA FASE DE CONCURSO:** .....PUNTOS  
Negreira, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025. Asdo. (nome e apelidos)



**ANEXO III: MODELO PARA A BAREMACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO PEÓN –  
CONDUTOR DA BRIGADA.**

Nome e apelidos: .....

DNI: .....

**1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 2 puntos)**

Administración/empresa	Posto/Praza/Categoría	Período de prestación do servizo	Puntuación

**2. FORMACIÓN RELACIONADA CO POSTO (Máximo 2 puntos)**

Titulo do curso	Data realización	N.º horas	Organizado por	Puntuación

**PUNTUACIÓN TOTAL NA FASE DE  
CONCURSO: .....PUNTOS**  
Negreira, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025. Asdo. (nome e apelidos)



**ANEXO III: MODELO PARA A BAREMACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO XEFE DA BRIGADA.**

Nome e apelidos: .....  
DNI: .....

**1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 2 puntos)**

Administración/empresa	Posto/Praza/Categoría	Período de prestación do servizo	Puntuación

**2. FORMACIÓN RELACIONADA CO POSTO (Máximo 2 puntos)**

Título do curso	Data realización	N.º horas	Organizado por	Puntuación

**PUNTUACIÓN TOTAL NA FASE DE CONCURSO:** .....PUNTOS  
Negreira, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025. Asdo. (nome e apelidos

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que o CONCELLO DE NEGREIRA, con CIF P1505700C e domicilio en Rúa do Carme Nº3, 15830 NEGREIRA (A Coruña) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente



departamento de Emprego..A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada nos artigos 6.1 b) do RXPDP: o tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación de medidas precontractuais a petición do Interesado; e o art.6.1 c): "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento" Os datos serán tratados de maneira confidencial e serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. Así mesmo, os datos serán publicados no taboleiro do Concello, na páxina web institucional e no BOP de A Coruña. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección [dpd@concellodenegreira.es](mailto:dpd@concellodenegreira.es) ou a través do Rexistro xeral do Concello de Negreira incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://concellodenegreira.gal/index.php/es/politica-de-privacidad>.